La Voz de Galicia MARTES **26 FEBREIRO** 2019 • ANO VI - Nº 185 • Correo - liderlugo@lavoz.es

1. Líder BASKET




# QUE PUNTAZO!!

**Estudiantes clasificouse como primeiro de grupo para loitar polo título galego preinfantil nun partido espectacular ante BBCA.** Os dous primeiros do Grupo Norte citáronse no encontro de volta, na ida as ferrolás gañaran 66-58. As de Gemma Souto, nunha oda o baloncesto, igualaron os oito puntos de diferenza e desfixeron o empate ao asinar un punto máis que o seu rival no primeiro duelo

MINIBASKET



Sarria impúxose con autoridade a Maristas e agarda polos resultados da última xornada para saber en que grupo competirá a partir de agora na Liga Galega alevín

REPORTAXE

## O Porta XI presente na Txiki Kopa

O próximo venres día 1 de marzo o Ensino representará ao baloncesto lucense na Mini Copa feminina que se disputará en Vitoria coincidindo coa Copa da Reina

SEGUNDA INFANTIL MASCULINA

## O Ensino puxo a Liga ao roxo vivo



SAGRADO CORAZÓN 48 - 54 ENSINO

PLANET MINI

## A Segunda Concentración será o 6 de marzo



**O prazo de inscrición segue aberto para os nados en 2007-2008 e 2009. Con Álex Polo á fronte e coa Fundación Educación e Deporte Santiago como club invitado**

# O Ensino baila ao ritmo de Maite

**A BASE CADETE** foi a directora do xogo durante os corenta minutos de partido, ademais de ser a xogadora que máis balóns roubou en defensa en Vilagarcía de Arousa

| 44 CORTEGADA Xogadora | Pts. | 69 ENSINO Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Caleiro | | Marina | 11 |
| De Ángelis | | Natalia M. | 6 |
| Martallo | | Carmen | 24 |
| Santorum | | Leboreiro | 7 |
| Monte | | Maite | 16 |
| Barcala | | Natalia G. | 3 |
| Fernández | | Uxía | |
| Pérez | | Nuria | 2 |
| Martínez | | | |
| Chaves | | | |
| Navarro | | | |
| Rey | | | |

Golpe de autoridade do Durán Maquinaria Ensino en Vilagarcía, onde o conxunto de Miguel López deu un paso de xigante para estar entre os cinco primeiros e clasificarse deste xeito para os play off, que seguramente se disputarán en Lugo e con Estudiantes como organizador.

O Ensino presentouse en Vilagarcía de Arousa para medirse a un Cortegada que estaba a unha vitoria das lucenses cando restan cinco xornadas por disputar na liga regular. Os sete puntos polos que se impuxeron as lucenses no partido de ida, 50-43, mesmo daban opcións a Cortegada de loitar polo basketaverage, pero enfronte atopáronse a unha das versións mais fiables do Ensino esta tempada.

> "Ha sido una victoria con mucho trabajo semanal, aplicando en el juego muchos detalles y con una actitud fantástica por parte de las jugadoras" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

As lucenses empezaron a gañar o encontro pola semana, con adestramentos de calidade que se plasmaron na pista desde os primeiros minutos nos que o Ensino tomou o mando do encontro con moito acerto no tiro, pechando ben o rebote e sendo constantes nos un para un.

Todo isto traduciuse no marcador con dous parciais de 10-19 e 10-22 para chegar ao descanso con 20-41.

Ao comezo da segunda parte as lucenses tiveron un xogo menos fluído polo esforzo realizado, perdendo o seu único parcial por un axustado 15-14, mentres que na recta final, da man de Maite Franco, a mellor xogadora do encontro, o Durán Maquinaria Ensino recuperou a súa mellor versión para terminar impoñéndose cunha abafadora superioridade nun partido que se presentaba trampa, pero do que saen reforzadas.

**Próxima xornada**

O Ensino recibirá a Porriño a próxima xornada, un partido que se apraza ata o sábado 9 de mar e alcanzable en principio ao medirse co último clasificado. As de Miguel López terán un ollo posto noutros duelos da xornada agardando algún tropezo dos seus principais rivais para chegar ás últimas citas da Liga Regular sen a presión de non poder ter marxe de erro e coa intención de asaltar o terceiro posto.

**24**

**PUNTOS DE CARMEN** que foi a máxima anotadora lucense unha vez máis, seguida por Maite con 16 e Marina, que tamén rematou o partido en dobres díxitos con 11 puntos

**3º**

**POSTO** o Durán Maquinaria Ensino espera recuperar a terceira praza a próxima xornada na que recibe a Porriño, último clasificado e Estudiantes visita a Rosalía en Santiago de Compostela



Maite subindo o balón nun partido disputado no Anexo

## Estudiantes impúxose por inercia

**SEN ESTAR AO SEU MELLOR NIVEL,** gañou na Coruña a Maristas

| 59 MARISTAS C. Xogadora | Pts. | 89 ESTUDIANTES Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Galán | | Ana | |
| Couto | | Zeltia | |
| Fernández | | Eva | |
| Gorosito | | María | |
| Couce | | Adriana | |
| García | | Alba | |
| Catoira | | Sabela | |
| López | | Yashina | |
| Carrro | | Candela | |
| Rodríguez | | Alexia | |
| Gaura | | | |

O 100-38 que Estudiantes lle endosou a Maristas Coruña no partido de ida, un dos mellores da tempada das de Fernán Varela, puido ser un dos condicionantes para que o conxunto lucense non estivese ao seu máximo nivel esta xornada na Coruña.

Lonxe da súa mellor versión ao longo do encontro, Estudiantes gañou por inercia e calidade máis que por xogo e boas sensacións. Tomando o mando no marcador desde os primeiros minutos con 11-16 e 14-23 nos dous primeiros cuartos, pero sen chegar a descolgar de todo a Maristas Coruña en ningún momento.


Candela cara a pintura nun partido no Anexo

> "Tenemos que buscar la forma de disfrutar más de lo que lo hacemos en este tipo de partidos. Ahora a pensar ya en el siguiente" FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

O xogo de Estudiantes na segunda parte foi un pouco máis fluído, pero sen chegar a ter a súa alegría habitual. As lucenses impuxéronse tamén nos dous últimos parciais, 16-22 e 18-28 para sumar o definitivo 59-89 froito da maior calidade lucense.

Na próxima xornada Estudiantes non xogará, xa que aprazou o seu encontro ante Bosco Salesianos, un equipo que se mantén inmerso na loita polos play off e que pode ser un dos rivais que de Estudiantes nos play off ao finalizar a liga Regular.

## Un mes para afinar a posta a punto

**ESTUDIANTES** encara o último mes de Liga con Peleteiro no horizonte

| 55 B. CORUÑA Xogador | Pts. | 90 ESTUDIANTES Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Val | | Janusevicius | 27 |
| Buendía | | Mark | 5 |
| González | | Iago | 11 |
| García | | Cabe | 16 |
| Souto | | Diego | 6 |
| López | | Lucas | 11 |
| Castro | | Trabado | 4 |
| Paixeres | | Alberto | 11 |
| Serra | | Jorge | 6 |
| Busto | | Pedro | 3 |
| Valín | | Olloqui | |

Suma e segue de Estudiantes na liga Galega júnior masculina, que xa encara a súa recta final. Cun mes de competición por diante os lucenses seguen sen dar tregua a Obradoiro no alto da clasificación á vez que gañan en sensacións de cara ao último encontro de Liga no que os dous mellores equipos da competición veranse as caras no Anexo, presumiblemente co título de Liga e o pasaporte para o Campionato de España en xogo.

Nesta ocasión Estudiantes viaxou a Coruña nun partido no que Luís foi baixa e Mark xogou min-

> "Tenemos que subir el nivel de concentración en los entrenamientos para lo que nos queda por delante en esta Liga" MARCOS LÓPEZ Estudiantes

guado fisicamente, polo que Marcos López tirou dos cadetes Pedro e Olloqui.

Por momentos Estudiantes estivo a un gran nivel defensivo e con acerto en ataque para romper o marcador ao seu favor nunha primeira parte que finalizou con 27-50 no electrónico.

Na segunda parte o encontro volveu ter picos de bo baloncesto nos que Estudiantes impuxo a súa superioridade, pero para a recta final de tempada na que xa se divisa no horizonte a Obradoiro, Os celestes deben dar un paso á fronte nos adestramentos por semana e para ser máis continuos no seu xogo e así asaltar o primeiro posto da competición.


Cabe a piques de lanzar a aro pasado no Anexo


Sabela defendendo a unha xogadora compostelá


Mencía encarando o aro rival tras un rebote en ataque


Nuria en plena transición ofensiva no Anexo

# O Ensino métese segundo

**TRAS IMPOÑERSE A PELETEIRO NO ANEXO CUN GRAN SPRINT FINAL,** as de Adrián González acceden ao Galego cadete feminino como segundas do grupo Norte

| ENSINO 52 | | PELETEIRO 48 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Maite | 17 | Leza | |
| Sabela | 3 | Sanmartín | |
| Nerea | 5 | Tabora | |
| Silvia | | Martínez | |
| Marta | | Rigueiro | |
| Nuria | 10 | Hermida | |
| Natalia G. | 6 | Suárez | |
| Any | 6 | Rodríguez | |
| Lucía | 4 | Pardo | |
| Mencía | 1 | Abalo | |
| | | Oreiro | |

### "Nos falta tener concentración desde el primer minuto de partido" ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

O Cafés Candelas Ensino meteuse na segunda fase da liga na que estará en xogo o título galego cadete feminino como segundo do Grupo Norte. O conxunto de Adrián González chegaba á última xornada co obxectivo de gañar en sensacións para a seguintes fase, e fixoo pero tan só no sprint final do encontro, no que ofreceu a súa mellor versión cun último parcial de 17-9 co que remontaron no marcador. Ademais, a derrota de Estudiantes na Coruña propiciou o segundo posto na clasificación final.

As sensacións desde os primeiros minutos non foron as desexadas, especialmente en concentración e intensidade, o que propiciou que Peleteiro dominase cunha abafadora superioridade o rebote ofensivo, dispoñendo de terceiras opcións en practicamente todos os seus ataques.

Ao non defender ben non se atacou ben e ao descanso chegouse con 22-26 no electrónico. Xa na segunda parte o Ensino non reaccionou ata que viu que o partido se lles escapaba. No último cuarto o rebote defensivo deixou de facer augas e con iso as lucenses atacaron con máis criterio e ritmo para poder darlle a volta ao marcador e terminar o partido con boas sensacións ao remontalo cun último parcial de 17-9.

Finalizada a primeira fase con máis luces que sombras, o Ensino encara agora o Galego cadete con cousas que pulir pero conscientes de que ao seu mellor nivel darán moita guerra e optarán aos postos altos da clasificación final.

## Merecida e permitida relaxación

**ESTUDIANTES,** tras un mes moi duro, pecha con derrota a primeira fase

| MARISTAS 68 | | ESTUDIANTES 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Leis | | Candela | 6 |
| Couto | | Claudia | 13 |
| Vázquez | | Yashina | 7 |
| Deus | | Enma | 6 |
| Galán | | Marta F. | |
| Riaño | | Cris | 2 |
| Ruíz | | Alejandra | |
| Andrade | | Laura | 13 |
| Freire | | Carla | 8 |
| Catoira | | Marta R. | 4 |
| Núñez | | | |
| López-Kelle | | | |

### "Final de la primera fase con el objetivo cumplido. Muchas felicidades a todas por el trabajo realizado hasta ahora" SISE PEINÓ Estudiantes

Estudiantes, tras un último mes de competición moi duro que liquidaron as de Sise Peinó con matrícula de honra, presentándose na segunda fase como o terceiro mellor equipo tras as súas vitorias nos duelos directos ao xogarse o Galego baixo sistema olímpico. Con todo iso e cos deberes feitos con antelación, as celestes permitíronse unha merecida relaxación en Coruña ante Maristas.

Desde os primeiros minutos viuse que a tensión era máis baixa que nos últimos encontros, disputados a cara ou cruz e dos que Estudiantes saíu airoso. O reparto de minutos para chegar con toda a xogadoras enchufadas á segunda volta foi unha constante dos primeiros minutos nos que Maristas foi mellor, e plasmouno no marcador co 40-28 co que se chegou ao descanso

Xa na segunda metade as celestes sacaron o seu xene gañador nun partido sen transcendencia a nivel clasificatorio. Tras verse abaixo 21 puntos, Estudiantes reaccionou no último cuartobe cun parcial final de 11-23 maquillou o resultado final e mesmo chegou a amagar coa remontada.


A celeste Candela coa pelota ante a mirada de Marta

## Dani mantivo a raia a Basquet Coruña

**VITORIA SEN GRANDES ALARDES** con 17 puntos do xogador celeste

| B. CORUÑA 62 | | ESTUDIANTES 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Señaris | | Sergio | |
| Torrejón | | Eloy | |
| Veiguera | | Jorge | 10 |
| Torrado | | Iker | 6 |
| Freire | | Anxo | 9 |
| Feijoo | | Garabito | 3 |
| Valín | | Álvaro | 10 |
| Vázquez | | Olloqui | 14 |
| Villares | | Dani | 17 |
| Ríos | | Antón | |
| Pereira | | Durán | |
| Miñambres | | Pedro | 4 |


Dani subindo o balón nun encontro no Anexo

### "Tenemos mucho trabajo por delante para competir lo mejor posible a partir de ahora en la segunda fase" JAVI PEINÓ Estudiantes

Punto e final á primeira fase da tempada na que Estudiantes selou desde o podio da clasificación o seu pase para o Galego cadete masculino. Os de Javi Peinó despediron a súa participación no Grupo Norte cun partido no que tiveron mellor circulación de balón e da man de Dani, autor de 17 puntos, tiveron sempre o mando no marcador sen chegar a romper o encontro ao seu favor en ningún momento.

O 11-15 do primeiro cuarto deulle a Estudiantes o mando. A partir de ai as diferenzas oscilaron sempre arredor dos dez puntos, 29-36 ao descanso.

Basquet Coruña non chegou a amagar en exceso con poder remontar o encontro nunha segunda parte na Estudiantes tampouco puido ampliar as distancias en exceso, cun terceiro parcial de 14-17 e un último de 19-21.

Onte a última hora coñecéronse os calendarios das segundas fases que en cadete empezan xa a próxima fin de semana, polo que Estudiantes ten por diante unha semana de adestramentos para afinar ao máximo a súa posta a punto.

# Trámite superado con nota

## ESTUDIANTES afinou a súa posta a punto de cara á segunda fase ante Maristas Coruña



Marta iniciando unha acción de contraataque

| ESTUDIANTES 67 | | M. CORUÑA 46 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Candela | | Sanmartín | |
| María | | Fernández | |
| Iría | | Vázquez | |
| Nerea | | Caeda | |
| Naiara | | Pazos | |
| Lucía | | Pérez | |
| L. Mesa | | López | |
| Carolina | | De Dios | |
| Sara | | Simón | |
| Marta | | Anido | |
| Celia | | Regueiro | |
| L. Martín | | Prego | |

**2**

**XOGADORA NA MINICOPA**

Sara e Marta acudirán a Vitoria co Ensino para disputar o torneo infantil no que participan os equipos con representación na Liga Día, coincidindo coa Copa feminina de baloncesto



A estudiantil Iria entre dúas xogadoras herculinas

**"Partido de trámite para nosotros para finalizar esta primera fase de la competición"** JULIA PENA Estudiantes Lugo



A preinfantil Sara nunha xogada de ataque celeste

Estudiantes chegou cos deberes feitos á última xornada, polo que afrontou o último encontro da primeira fase sen nada en xogo a nivel clasificatorio, xa que as de Julia Pena tiñan asegurado o segundo posto de antemán.

Isto provocou que se vise un partido no Anexo con moita menos intensidade do que é habitual, con dous primeiros parciais nos que houbo demasiadas perdas non forzadas e que desencadearon nun 34-29 ao final da primeira parte.

Na segunda, Estudiantes empezou cun parcial de 8-0 nos seus mellores minutos sobre a pista ao longo do encontro e finalizou o terceiro cuarto cun 15-4 que deixaba o encontro visto para sentenza, aínda que Maristas Coruña despediu o partido cun último parcial a favor de 18-13 a pesar de non ter nunca opcións de remontar no Anexo.



Nerea a piques de lanzar a canastra sen oposición

# Un KO para cargar as pilas a tope

## ESTUDIANTES á segunda fase, onde quere ser protagonista

| ESTUDIANTES 82 | | MARISTAS 32 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Miguel | | Ramos | |
| Cris | | Caamaño | |
| Ales | | Fernández | |
| Manu | | Recouso | |
| Joel | | Trillo | |
| Gabi | | Anula | |
| Brais | | Reyes | |
| Ruano | | Sánchez | |
| Óscar | | Toja | |
| Fabio | | López | |
| Diego | | Chicano | |
| Dani | | Varela | |

**"Felicito a los chicos por la actitud y el compromiso mostrado en esta la primera fase"** ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

Estudiantes regalouse unha dose de moral e boas sensacións na última xornada da primeira fase tras impoñerse a Maristas por KO no Anexo. Os lucenses, xa clasificados, recibiron ao faroliño vermello na última xornada, disputando un encontro cómodo que aproveitaron para cargar o depósito de confianza para a segunda fase da tempada, na que esperan ter tamén un papel protagonista.

O 33-10 do primeiro parcial xa deixou patente a superioridade local, ata que se pechou o marcador no primeiro minuto do último cuarto.



Óscar a piques de facer un pase presionado por un rival



O celeste Brais realizando unha entrada a canastra

# Burela agarda xa pola segunda fase

## DURA DERROTA EN CULLEREDO nun partido moi gris dos mariñaos

| CULLEREDO 82 | | CB BURELA 32 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Golpe | | Álvaro Ben | 4 |
| Quelles | | Marcos | 5 |
| Ferrer | | Joaquín | 2 |
| González | | Álvaro F. | 4 |
| Domínguez | | Raúl | |
| Pereyra | | Mario | |
| Gayoso | | Luis | 4 |
| Val | | Carlos | 6 |
| Rizo | | Diego | 7 |
| Martínez | | | |
| Abeal | | | |



Manolo Cobas e os seus xogadores no Anexo

**"Estoy bastante decepcionado por la nula intensidad que tuvo el equipo a lo largo de este encuentro"** MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

O Academia A Mariña Burela despediu a primeira fase da liga Galega cunha dura derrota en Culleredo. Agora os de Manolo Cobas terán que recuperar efectivos e enerxía para afrontar a segunda fase na que estará en xogo a permanencia na máxima competición do baloncesto infantil galego.

As sensacións non foron boas desde os primeiros minutos, nos que Culleredo tomou o mando no marcador con autoridade tras un primeiro parcial de 22-4.

A partir de aí Burela non tivo capacidade de reacción na pista dun rival clasificado para medirse na segunda fase cos oito mellores equipos galegos, e ao descanso o marcador foise ata un claro 47-18.

As sensacións non melloraron na segunda parte, na que Burela volveu acusar a falta de intensidade e as ausencias, que seguen minguando aos de Manolo Cobas neste tramo de competición, polo que un novo parcial contundente no terceiro cuarto, 24-5 abriu as portas dun KO que se confirmou no último parcial.

# Estudiantes e BBCA, ofrenda ao baloncesto

**AS CELESTES** rematan primeiras de Grupo tras empatar o average, pero anotando un punto máis que o seu rival no partido de ida



María Álvarez coa pelota nun dous para un


As xogadoras preinfantis celebrando o triunfo na pista tras finalizar o encontro

| ESTUDIANTES 67 | BBCA 59 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Laura | Prieto |
| María A. | Álvarez |
| Ana | Villar |
| María C. | Bores |
| Paula A. | Cotovad |
| Aroa | Villares |
| Daniela P. | Coira |
| Paula L. | Vázquez |
| Sara P. | Horjales |
| Sara G. | Cabezal |
| Daniela G. | Fernández |
| | Fol |


Sara Pedreira baixo o aro entre dúas rivais

Estudiantes e BBCA puxeron o listón moi alto para calquera partido que pretenda ser o mellor da tempada. Este sen dúbida foi unha oda ao baloncesto, ao ter todo o que se lle pode pedir a un encontro, independentemente da categoría que sexa.

Estudiantes gañou, pero tamén o fixo BBCA, un equipazo que vendeu cara a derrota, pero que soubo perder con elegancia , loitando ata o final e exhibindo unha vez máis o seu potencial sobre a pista.

Os dous mellores equipos da competición citábanse no partido de volta tras o 66-58 co que BBCA se impuxera no encontro de ida. Oito puntos de renda que as ferrolás defenderon con uñas e dentes no Anexo.

> "Felicito a todas las niñas por el esfuerzo de estos últimos meses. Nos esperan partidos interesantes en esta segunda fase de la que debemos seguir aprendiendo. Enhorabuena" GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

Estudiantes tomou o mando desde o inicio cun bo baloncesto por ambas as partes. O desenlace final foi apoteósico.

No último minuto o conxunto celeste gañaba de 8, 65-57 pero perdía o average ao anotar 65 puntos. Ambos os equipos anotaron unha canastra máis provocando o delirio no Anexo ao empatar o average, pero sobre todo ao anotar un punto máis que BBCA no partido de ida o que lle dá o primeiro posto ás guerreiras de Gemma Souto.


A celeste Laura facendo unha entrada a canastra

## Contador a cero para Maristas

**Á SEGUNDA FASE** coa premisa de recuperar a todos os xogadores

| NARÓN 76 | | MARISTAS 57 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Lourido | | Mauro | |
| Seoane | | Néstor | 22 |
| Lafuente | | Samuel N. | |
| Saa | | David | 2 |
| Carro | | Gabriel R. | 4 |
| Botana | | Alexis | |
| Fuertes | | Jorge | |
| Sabin | | Julián | 27 |
| González | | Gabriel F. | 2 |
| García | | | |


Jorge saíndo da presión entre dous rivais no Anexo

Maristas volverá á competición na segunda fase, entre os oito mellores equipos de Galicia preinfantil masculino, e os de Rubén Engroba farano dando moita guerra, sobre todo se conseguen volver estar ao completo.

Ante Narón despediron a primeira fase de novo coas ausencias como principais protagonistas ante un equipo con formulacións ofensivas propias de equipos de categorías superiores. Maristas cumpriu neste aspecto, pero non puido dar un paso á fronte en ataque ao acusar en exceso a ausencia de Samuel Viño.

> "Nos vamos a la segunda fase muy bien clasificados y con la esperanza que nos da pensar que estando todos aún no hemos perdido" RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

Narón pechou filas sobre Julián, e Néstor acudiu ao rescate pero ao non dominar o rebote, Maristas non podía correr con soltura.

O 7-7 do primeiro parcial foi un espellismo, xa que no segundo a anotación foi moito máis alta, 28-17, a pesar de que Julián foise ao banco con tres faltas persoais.

Tras o descanso Maristas remontou e púxose a tiro de pedra, Néstor, a pesar da idade, botouse o equipo ás costas e Maristas soñou coa vitoria. Con todo, o local Pablo Fuertes dominou o tramo final dun partido no que Julián viu a cuarta e quinta persoal e Maristas non puido salvar os 10 puntos do average tras o partido de ida.

## Lanzados á segunda fase da Liga

**ESTUDIANTES** rematou pletórico tras unha nova vitoria no Anexo

| ESTUDIANTES 88 | | BBCA 38 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Brais | 22 | Pena | |
| Dani | 2 | Pulpeiro | |
| Leo | 11 | Seoane | |
| Bernal | 4 | Albes | |
| Rozas | 2 | Oroza | |
| Serguei | 26 | Vázquez | |
| Antón | 6 | Rey | |
| Mario | 10 | Gato | |
| Isma | | Pena | |
| Mateo | | Folgueira | |
| Pablo | 2 | Rodríguez | |
| Santi | 3 | | |

> "Cerramos la primera fase con un gran partido y todos los jugadores han demostrado lo mucho que hemos mejorado desde el inicio de Liga" NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes pechou a primeira fase asinando ante BBCA a súa novena vitoria consecutiva na liga Galega preinfantil. Un dato importante, pero aínda máis o é a forma na que se conseguiron.

Estudiantes é o equipo máis en forma desta competición e chega á segunda fase coas espadas en todo o alto ao contar cun equipo ao completo, no que todos os seus xogadores están en constante evolución, aportando en cada encontro.

A última mostra diso foi ante BBCA no Anexo, nun partido dominado desde os primeiros minutos sobre a pista e no marcador cunha parcial inicial de 24-13.

Lonxe de acomodarse, a defensa celeste secou ao seu rival o resto do encontro no que tan só encaixaron 25 puntos na media hora final de partido, mentres que en ataque fóronse ata os 64 para deixar o marcador no claro e contundente 88-38 antes de debutar na segunda fase.

**9**

**VITORIAS CONSECUTIVAS** asinou Estudiantes no treito final desta primeira fase, o que levou aos de Nico Fernández a acadar o pase sendo colíderes empatados con Narón


Nico Fernández dando instrucións nun tempo morto

Líder

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| PBB A – Rosalia | 74-81 |
| C. Ourense – Obradoiro | 40-80 |
| B. Coruña – Estudiantes | 55-90 |
| Sigaltec – Blanco Amor | 65-44 |
| Bosco – B. Ferrol | 59-65 |
| Tui – Seis Nadal | 92-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 17 | 17 | 0 | 0 | 1396 | 878 |
| **ESTUDIANTES** | **17** | **16** | **1** | **0** | **1575** | **1053** |
| BASKET FERROL | 17 | 11 | 6 | 0 | 1206 | 1085 |
| ROSALÍA | 17 | 11 | 6 | 0 | 1296 | 1197 |
| SIGALTEC | 17 | 9 | 8 | 0 | 1068 | 1146 |
| TUI SETA | 17 | 9 | 8 | 0 | 1220 | 1205 |
| CLUB OURENSE | 17 | 8 | 9 | 0 | 1069 | 1136 |
| BOSCO | 17 | 7 | 10 | 0 | 1079 | 1019 |
| PBB A | 17 | 6 | 11 | 0 | 970 | 1195 |
| SEIS DO NADAL | 17 | 4 | 13 | 0 | 956 | 1262 |
| BLANCO AMOR | 17 | 2 | 15 | 0 | 991 | 1291 |
| BASQUET CORUÑA | 17 | 2 | 15 | 0 | 986 | 1345 |

### PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro - B. Ferrol
Estudiantes - C. Ourense
Rosalía - B. Coruña
Tui - Bosco
Seis Nadal - Sigaltec
Blanco Amor - PBB A

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Carballo – B. Coruña | 67-55 |
| Ribadeo – Esclavas | 54-53 |
| H. Ferreiro – Culleredo | 52-84 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARBALLO | 4 | 4 | 0 | 0 | 245 | 164 |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 3 | 1 | 0 | 274 | 230 |
| KFC CULLE | 4 | 2 | 2 | 0 | 251 | 178 |
| **HIERROS FERREIRO** | **4** | **2** | **2** | **0** | **195** | **261** |
| **RIA DE RIBADEO** | **4** | **1** | **3** | **0** | **189** | **240** |
| ESCLAVAS | 4 | 0 | 4 | 0 | 206 | 287 |

### PRÓXIMA XORNADA

Esclavas - H. Ferreiro
Carballo - Ribadeo
B. Coruña - Culleredo

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-II

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Betanzos – Narón | 66-44 |
| Estudiantes – Cambre | 80-64 |
| CB Viveiro – Baxi Ferrol | 39-74 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **267** | **210** |
| BETANZOS | 4 | 3 | 1 | 0 | 256 | 232 |
| BAXI FERROL | 4 | 2 | 2 | 0 | 261 | 230 |
| BALONCESTO NARON | 4 | 2 | 2 | 0 | 218 | 245 |
| CAMBRE | 4 | 1 | 3 | 0 | 247 | 278 |
| **C. B. VIVEIRO** | **4** | **1** | **3** | **0** | **185** | **239** |

### PRÓXIMA XORNADA

Baxi Ferrol - Estudiantes
Betanzos - CB Viveiro
Narón - Cambre

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-III

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Los Rosales | 38-97 |
| Maria del Mar – Arteixo | 62-28 |
| Maristas – La Paz | 62-59 |
| Cidade – Burela | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOS ROSALES | 2 | 2 | 0 | 0 | 181 | 87 |
| MARISTAS CORUÑA | 2 | 2 | 0 | 0 | 127 | 103 |
| LICEO LA PAZ | 2 | 1 | 1 | 0 | 149 | 115 |
| **BURELA JUV MASC** | **1** | **1** | **0** | **0** | **97** | **44** |
| SANTA Mª DEL MAR | 1 | 1 | 0 | 0 | 62 | 28 |
| BÁSQUET CORUÑA | 2 | 0 | 2 | 0 | 91 | 187 |
| CB ARTEIXO | 2 | 0 | 2 | 0 | 72 | 127 |
| **CIDADE DE LUGO** | **1** | **0** | **1** | **0** | **49** | **84** |
| BBCA CARIÑO | 1 | 0 | 1 | 0 | 44 | 97 |

### PRÓXIMA XORNADA

La Paz - Los Rosales
Burela - B. Coruña
Maristas - M. Del Mar
CB Arteixo - BBCA

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Culleredo | 75-65 |
| Carballo – Narón | 56-48 |
| B. Coruña – Estudiantes | 62-74 |
| Obradoiro – Rosalía | 65-72 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 14 | 12 | 2 | 0 | 1113 | 666 |
| ROSALIA CASTRO | 14 | 12 | 2 | 0 | 1212 | 765 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **11** | **3** | **0** | **1253** | **889** |
| KFC CULLE | 14 | 8 | 6 | 0 | 916 | 821 |
| BASKET FERROL | 14 | 6 | 8 | 0 | 825 | 1007 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 5 | 9 | 0 | 871 | 940 |
| CARBALLO | 14 | 1 | 13 | 0 | 561 | 1176 |
| NARÓN | 14 | 1 | 13 | 0 | 580 | 1067 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Culleredo | 50-73 |
| Estudiantes – BBCA | 88-38 |
| B. Coruña – Montrove | 52-67 |
| Narón – Maristas Lugo | 76-57 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| NARON | 14 | 11 | 3 | 0 | 930 | 626 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **11** | **3** | **0** | **969** | **691** |
| **MARISTAS LUGO** | **14** | **9** | **5** | **0** | **910** | **856** |
| KFC CULLE | 14 | 9 | 5 | 0 | 913 | 750 |
| MONTROVE | 14 | 8 | 6 | 0 | 896 | 816 |
| BASKET FERROL | 14 | 4 | 10 | 0 | 803 | 949 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 4 | 10 | 0 | 738 | 936 |
| BBCA SARTAÑA | 14 | 0 | 14 | 0 | 560 | 1095 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Galén Ensino | 39-66 |
| M. Auxiliadora – CB Sarria | 26-57 |
| Est. Rojo – CB Celtas | 8-61 |
| CB Viveiro – Est. Azul | 60-51 |
| Ribadeo – Cidade Lugo | 6-57 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB CELTAS | 10 | 10 | 0 | 0 | 697 | 190 |
| CIDADE DE LUGO | 10 | 9 | 1 | 0 | 500 | 267 |
| ESTUDIANTES AZUL | 10 | 7 | 3 | 0 | 504 | 391 |
| CB VIVEIRO | 10 | 6 | 4 | 0 | 522 | 360 |
| C. B. SARRIA | 10 | 5 | 5 | 0 | 417 | 433 |
| MARÍA AUXILIADORA | 10 | 5 | 5 | 0 | 445 | 397 |
| GALEN ENSINO | 10 | 4 | 6 | 0 | 457 | 442 |
| ESTUDIANTES ROJO | 10 | 3 | 7 | 0 | 331 | 527 |
| FRANCISCANOS | 10 | 1 | 9 | 0 | 191 | 577 |
| CB RIA DE RIBADEO | 10 | 0 | 10 | 0 | 117 | 597 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Rojo - CB Viveiro
Ribadeo - Galén Ensino
Est. Azul - M. Aux.
CB Celtas - Franciscanos
CB Sarria - Cidade Lugo

## PREMINI 2º MASCULINO G-A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – CB Sarria | 9-59 |
| Maristas – Est. Rojo | 30-75 |
| Est. Azul – Burela | 68-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 5 | 5 | 0 | 0 | 343 | 119 |
| C. B. SARRIA | 5 | 4 | 1 | 0 | 265 | 159 |
| ESTUDIANTES ROJO | 5 | 3 | 2 | 0 | 272 | 249 |
| MARISTAS LUGO | 5 | 2 | 3 | 0 | 178 | 265 |
| BURELA | 5 | 1 | 4 | 0 | 225 | 284 |
| C. B. VIVEIRO | 5 | 0 | 5 | 0 | 80 | 287 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Rojo - CB Viveiro
Burela - Maristas
CB Sarria - Est. Azul

## PREMINI 2º MASCULINO G-B

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Naranja – Galén E. | 11-62 |
| Franciscanos – Cidade | 10-60 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 5 | 5 | 0 | 0 | 271 | 155 |
| GALEN ENSINO | 5 | 2 | 3 | 0 | 198 | 200 |
| FRANCISCANOS | 3 | 2 | 1 | 0 | 103 | 106 |
| EST. BLANCO | 4 | 1 | 3 | 0 | 162 | 175 |
| GALEN NARANJA | 3 | 0 | 3 | 0 | 57 | 155 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Galén Naranja
Est. Blanco - Franc.

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Rosalía | 63-77 |
| B. Ferrol – B. Coruña | 32-82 |
| Estudiantes – Maristas | 83-32 |
| Culleredo – Burela | 82-32 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 14 | 13 | 1 | 0 | 1027 | 736 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **11** | **3** | **0** | **1048** | **785** |
| KFC CULLE | 14 | 10 | 4 | 0 | 1012 | 763 |
| BASQUET CORUÑA I | 14 | 8 | 6 | 0 | 960 | 751 |
| PELETEIRO | 14 | 7 | 7 | 0 | 891 | 785 |
| **BURELA 05 MASC.** | **14** | **4** | **10** | **0** | **794** | **859** |
| BASKET FERROL | 14 | 3 | 11 | 0 | 522 | 978 |
| MARISTAS | 14 | 0 | 14 | 0 | 378 | 975 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Ribadeo | 84-34 |
| Narón – BBCA | 94-67 |
| MGR Sarria – Maristas Lugo | 79-29 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 11 | 11 | 0 | 0 | 804 | 432 |
| BALONCESTO NARÓN | 11 | 9 | 2 | 0 | 925 | 668 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **7** | **4** | **0** | **768** | **651** |
| **MGR CB SARRIA** | **12** | **5** | **7** | **0** | **847** | **897** |
| BBCA PONZOS | 11 | 5 | 6 | 0 | 756 | 718 |
| **MARISTAS LUGO** | **11** | **2** | **9** | **0** | **507** | **877** |
| **RIA DE RIBADEO** | **11** | **0** | **11** | **0** | **492** | **856** |

### ÚLTIMA XORNADA

Maristas Lugo - Narón
BBCA - Estudiantes
Ribadeo - B. Ferrol

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – MGR Sarria | 41-58 |
| Burela – Elev. Sarria | 58-43 |
| Sagrado – Candelas Ensino | 48-54 |
| Est. 05 – Celtas | 37-82 |
| Ribadeo – Cidade | 90-53 |
| Est. 06 – Franciscanos | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 15 | 14 | 1 | 0 | 1049 | 664 |
| CANDELAS ENSINO | 15 | 13 | 2 | 0 | 983 | 557 |
| CELTAS | 15 | 13 | 2 | 0 | 1048 | 707 |
| RIA DE RIBADEO | 15 | 10 | 5 | 0 | 954 | 735 |
| MGR C. B. SARRIA | 15 | 8 | 7 | 0 | 775 | 671 |
| CIDADE DE LUGO | 14 | 8 | 6 | 0 | 754 | 703 |
| BURELA 06 MASC | 15 | 7 | 8 | 0 | 737 | 892 |
| ESTUDIANTES 05 | 15 | 6 | 9 | 0 | 761 | 935 |
| FRANCISCANOS | 14 | 4 | 10 | 0 | 646 | 839 |
| CB VIVEIRO | 14 | 3 | 11 | 0 | 639 | 790 |
| AG ELEV. SARRIA | 15 | 1 | 14 | 0 | 539 | 973 |
| ESTUDIANTES 06 | 14 | 1 | 13 | 0 | 471 | 890 |

### PRÓXIMA XORNADA

Candelas Ensino - Est. 06
Elev. Sarria - CB Viveiro
Franciscanos - Burela
MGR Sarria - Cidade
Celtas - Sagrado
Ribadeo - Est. 05

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Design Sarria – CB Viveiro | 29-91 |
| Ensino – San Ciprián | 46-60 |
| Ribadeo – Est. Azul | 97-41 |
| MGR Sarria – Sagrado | 72-42 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 13 | 12 | 1 | 0 | 904 | 532 |
| ESTUDIANTES AZUL | 12 | 10 | 2 | 0 | 797 | 633 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 12 | 8 | 4 | 0 | 882 | 607 |
| ENSINO LUGO | 12 | 8 | 4 | 0 | 691 | 528 |
| C. B. VIVEIRO | 13 | 7 | 6 | 0 | 763 | 693 |
| MGR C. B. SARRIA | 13 | 5 | 8 | 0 | 697 | 709 |
| ESTUDIANTES ROJO | 12 | 4 | 8 | 0 | 660 | 706 |
| A.X. SAGRADO | 13 | 2 | 11 | 0 | 561 | 860 |
| DESIGN SARRIA | 12 | 0 | 12 | 0 | 328 | 1015 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - Design Sarria
Ria Ribadeo - MGR Sarria
Est. Rojo - Est. Azul
CB Viveiro - Ensino

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Estudiantes | 59-89 |
| PPB A – Peleteiro | 52-74 |
| Bosco – Rosalía | 55-76 |
| Cortegada – Durán Ensino | 44-69 |
| Arxil – RC Celta | 25-87 |
| C. María – E. Pontevedra | 59-45 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 17 | 17 | 0 | 0 | 1369 | 625 |
| **ESTUDIANTES** | **17** | **15** | **2** | **0** | **1261** | **795** |
| ROSALIA PIO XII | 17 | 11 | 6 | 0 | 1131 | 1005 |
| **DURAN ENSINO** | **17** | **11** | **6** | **0** | **1071** | **920** |
| PELETEIRO | 17 | 10 | 7 | 0 | 986 | 861 |
| CORTEGADA | 17 | 9 | 8 | 0 | 955 | 992 |
| SALESIANOS | 17 | 9 | 8 | 0 | 873 | 956 |
| COMPAÑIA MARIA | 17 | 6 | 11 | 0 | 912 | 1066 |
| MARISTAS | 17 | 6 | 11 | 0 | 974 | 1183 |
| ARXIL A | 17 | 5 | 12 | 0 | 728 | 1143 |
| PBB A | 17 | 2 | 15 | 0 | 828 | 1165 |
| EST. PONTEVEDRA | 17 | 1 | 16 | 0 | 725 | 1102 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - E. Pontevedra
Peleteiro - Maristas
Estudiantes - Bosco
Arxil - C. Maria
Durán Ensino - PBB A
RC Celta - Cortegada

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Estudiantes | 68-59 |
| Cortegada – B. Coruña | 57-62 |
| C. Ensino – Peleteiro | 52-48 |
| Rosalía – BBCA | 74-36 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 14 | 12 | 2 | 0 | 944 | 692 |
| **CANDELAS ENSINO** | **14** | **9** | **5** | **0** | **817** | **746** |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **8** | **6** | **0** | **815** | **833** |
| BBCA VILAR | 14 | 7 | 7 | 0 | 742 | 803 |
| PELETEIRO | 14 | 6 | 8 | 0 | 735 | 700 |
| CORTEGADA | 14 | 6 | 8 | 0 | 846 | 909 |
| MARISTAS CORUÑA | 14 | 6 | 8 | 0 | 713 | 809 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 2 | 12 | 0 | 770 | 890 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – Franciscanos | 29-60 |
| Burela – Galén Ensino | 67-26 |
| Cidade – CB Sarria | 41-39 |
| Estudiantes – T. Mariña | 67-46 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 11 | 11 | 0 | 0 | 673 | 191 |
| BURELA 05 FEM | 12 | 10 | 2 | 0 | 636 | 350 |
| ESTUDIANTES | 11 | 7 | 4 | 0 | 580 | 485 |
| FRANCISCANOS | 12 | 6 | 6 | 0 | 458 | 530 |
| C. B. SARRIA | 11 | 7 | 4 | 0 | 517 | 451 |
| GALEN ENSINO | 12 | 3 | 9 | 0 | 322 | 559 |
| CB VIVEIRO | 12 | 3 | 9 | 0 | 364 | 614 |
| TERRAS DA MARIÑA | 12 | 2 | 10 | 0 | 442 | 643 |
| CIDADE DE LUGO | 11 | 3 | 8 | 0 | 343 | 512 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - CB Viveiro
T. Mariña - Ensino Lugo
Estudiantes - CB Sarria
Burela - Franciscanos

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – Culleredo | 63-50 |
| Peleteiro – BBCA | 64-14 |
| Rosalía – Giraldo | 50-73 |
| Estudiantes – Maristas | 67-46 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 14 | 14 | 0 | 0 | 963 | 403 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **11** | **3** | **0** | **918** | **647** |
| GIRALDO CBV | 14 | 10 | 4 | 0 | 886 | 724 |
| CORTEGADA | 14 | 9 | 5 | 0 | 845 | 736 |
| ROSALIA PIO XII | 14 | 5 | 9 | 0 | 758 | 819 |
| MARISTAS CORUÑA | 14 | 4 | 10 | 0 | 666 | 916 |
| KFC CULLE | 14 | 3 | 11 | 0 | 604 | 947 |
| BBCA PORTO | 14 | 0 | 14 | 0 | 489 | 937 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cambados – Culleredo | 49-32 |
| B. Coruña – Cortegada | 33-77 |
| Estudiantes – BBCA | 67-59 |
| Maristas – Porto do Son | 39-59 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **14** | **13** | **1** | **0** | **933** | **458** |
| BBCA CHAMORRO | 14 | 13 | 1 | 0 | 930 | 493 |
| CORTEGADA | 14 | 10 | 4 | 0 | 860 | 569 |
| PORTO DO SON | 14 | 8 | 6 | 0 | 755 | 614 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 5 | 9 | 0 | 607 | 796 |
| CAMBADOS | 14 | 4 | 10 | 0 | 483 | 849 |
| MARISTAS | 14 | 3 | 11 | 0 | 629 | 855 |
| KFC CULLE | 14 | 0 | 14 | 0 | 317 | 880 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## MINI 1º DIV. FEMININO A1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – B. Coruña | 52-63 |
| Rosalía – BBCA | 48-64 |
| Estudiantes – Cluny 007 | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA DONIÑOS | 3 | 3 | 0 | 0 | 185 | 140 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 172 | 161 |
| BAXI FERROL | 3 | 1 | 2 | 0 | 144 | 125 |
| PIO XII ROSALIA | 3 | 1 | 2 | 0 | 123 | 142 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **104** | **96** |
| CLUNY 007 | 2 | 0 | 2 | 0 | 65 | 129 |

### PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Estudiantes
Cluny 007 - Baxi Ferrol
Rosalía - B. Coruña

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Fingoi – Franciscanos | 49-90 |
| E. Celeste – Cidade | 28-65 |
| CB Viveiro – CB Sarria | 15-66 |
| CB Burela – Galén Ensino | 58-14 |

